

ORDENANZA FISCAL Nº 19.- TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS E RESCATE DE ANIMAIS DE GRAN PORTE.

Artigo 1.-

De conformidade co previsto na lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación de recollida de animais de gran porte.

Artigo 2.- Concepto.-

Está determinado pola actividade desenvolta con motivo da recollida, estancia e manutención, recoñecemento sanitario ou eutanasia – por solicitude do seu propietario ou por estaren abandonados- de cabalos, burros ou asimilados polo seu porte.

Artigo 3.- Suxeito obrigado.-

Serán suxeitos obrigados as persoas físicas ou xurídicas que teñan a condición de propietarios ou responsables dos animais sobre os que recaigan os servicios sinalados no artigo anterior. Serán responsables subsidiarios ou solidarios aqueles que a lei determine.

Artigo 4.- Nacemento da obriga de pagamento.-

A obriga de pagamento nacerá coa prestación do servicio.

Artigo 5.- Tarifas:

Cabalos, burros e asimilados polo seu porte.

	EUROS
Desplazamentos	27,70.- €
Recollida	102,35.- €
Estancia e manutención por día ou fracción	13,65.- €
Recoñecemento sanitario	47,75.- €
Eutanasia	170,55.-€

O ingreso das cotas resultantes estará suxeito ós principios e normas contidos no Regulamento xeral de recadación e en calquera outra norma que nesta materia o modifique ou o substitúa.

Artigo 6.- Normas de xestión.-



Corresponde á dependencia encargada da prestación do servizo, mediante oficio asinado polo órgano responsable, remitila relación dos servizos que foron prestados e os datos (N.I.F., nome completo e domicilio) da persoa que os solicitou ou do responsable do animal, á sección de Facenda e Patrimonio, que expedirá as cartas de pagamento para o aboamento do prezo por ingreso directo.

Para retirar os animais do lugar no que se presten os servizos de custodia e manutención será necesario acreditarlo pagamento previo do prezo correspondente.

Polo que se refire á prestación dos servizos, terá que axustarse ó disposto pola Lei 1/1993 do Parlamento de Galicia e ás disposicións que a desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.